

O PSOE de Vilalba pide ao alcalde que se dirixa á Xunta para que facilite aos maiores a solicitude de cita previa na Atención Primaria

Para os socialistas resulta evidente que o aforro económico que se perseguiu na implantación do sistema non tivo en conta o condicionante da idade. Tal é así que mesmo teñen coñecemento de casos no que se ven na obriga de acudir a empresas privadas que, previo pago, solventan as dificultades que o sistema lles acarrea

Solicitan o arranxo inmediato do firme do Paseo do Condes e preguntarán polo convenio asinado coa Xunta para a mellora das travesías urbanas das estradas de Ferrol, Lugo e Meira; pola redacción do proxecto de eficiencia enerxética ou pola autoría do derrube da presa dos Pasos

VILALBA, 28 DE XANEIRO DE 2015.- Os socialistas vilalbeses anuncian que mañá, no Pleno, pedirán ao Partido Popular que se dirixa á Xunta de Galicia a que modifique o actual protocolo de solicitude telefónica de cita previa na Atención Primaria e articule un plan específico que facilite aos maiores do municipio o acceso a este servizo.

O grupo municipal do PSOE someterá este asunto a debate na sesión plenaria porque este é o primeiro problema co que se atopa este grupo de persoas; “un calvario ao que se teñen que enfrontar cada vez que descolgan o teléfono para solicitar unha cita co seu médico”, afirman. E é que para moitos deles, que xa sofren problemas de audición, ou para os que mesmo viven sós, subliñan, “falar cunha máquina que non atende ás frases do tipo *non lle oín* ou *pódeme repetir?* provócalles unha frustración evidente e unha ansiedade que se acumula de xeito constante, e que fai que moitos vexan este proceso como un desafío tecnolóxico que os supera de xeito notable”.

Sen ter en conta a idade

Para os socialistas resulta evidente que o aforro económico que se perseguiu na implantación do sistema, ben sexa por vía telefónica ou por Internet, non tivo en conta o condicionante da idade. Tal é así, que mesmo teñen coñecemento de casos no que se ven na obriga de acudir a empresas privadas de recente creación que, previo pago, solventan as dificultades que o sistema lles acarrea.

En Vilalba máis de 7.200 veciños (preto do 30%) teñen máis de 65 anos, unha porcentaxe que se sitúa por riba da media da Comunidade (22,5%), e que leva un camiño de incrementarse de xeito paulatino. “Os datos amosan que este non é un tema menor para os nosos veciños. Por iso, agardamos que o Partido Popular apoie mañá a nosa iniciativa, xa que, do contrario, estará abandonando claramente a este grupo de persoas”, destacan.

Espazos públicos

A situación na que se atopan os espazos públicos do municipio tamén será outro dos asuntos que se tratarán no Pleno, a petición dos socialistas. Deste xeito, solicitan que se arranxe de inmediato o firme do Paseo do Condes e se proceda á súa apertura á circulación rodada, colocando previamente a correspondente sinalización vertical; e preguntarán polo estado do convenio asinado coa Xunta de Galicia para a mellora das travesías urbanas das estradas de

Ferrol, Lugo e Meira; pola redacción do proxecto para a subvención de eficiencia enerxética; pola autoría do derrube da presa dos Pasos e polo reparto nos domicilios de cartas con notificacións referidas aos vados do baixos dedicados a garaxes.

Outros asuntos

Asimesmo, tal e como anunciaran en días pasados, pedirán ao Goberno local a creación dun albergue animal para a acollida temporal dos animais domésticos abandonados, así como que ditas instalacións se axusten ao establecido na lexislación vixente para este tipo de establecementos, e que se fomente dende o concello a creación dunha asociación de protección e defensa dos animais domésticos e salvaxes en cautividade.

Segundo figura na Orde do Día, tamén instarán ao alcalde a ordenar os servizos de tesourería e recadación para que, sen demora, a entidade local proceda á actualización do IPC en todos os asuntos que sexan procedentes de competencia municipal. Noutra orde de cousas, os socialistas interesaranse pola denominación *Capóns de Vilalba*, co fin de que este nome non se continúe empregando dun xeito interesado por unha empresa privada.